

Dentro da lírica profana, ademais dos tres grandes xéneros, amigo, amor e escarnio e maldicir, hai outras que non responden aos canons dos tres xéneros citados:

A tenzón: poema dialogado no que dous trovadores, alternando as súas intervencións, se satirizan reciprocamente ou sosteñen opinión opostas sobre un tema. O segundo interveniente ten que respectar o esquema estrófico, métrico e rimático do primeiro. Conservamos arredor de trinta textos dos que a maior parte son satíricos.

A pastorela: é un xénero de importación provenzal no que unha pastora (“a pastor” nos textos medievais) expresa os seus sentimentos amorosos, o que a fai moi próxima á cantiga de amigo, se ben o tipo de relación que se establece entre a pastor e o seu pretendente aseméllase máis á cantiga de amor. Sepárase de ambos xéneros en que hai maior presenza de elementos narrativos (conta a historia). Identifícase normalmente pola presenza da palabra “pastor” e soe iniciarse cunha introdución onde soe especificarse o tempo primaveral, e o lugar en que o cabaleiro descobre a pastor. Ás veces hai diálogo entre os dous personaxes.

O pranto: é un lamento ou himno fúnebre pola morte dunha persoa de clase social alta onde se eloxian as súas virtudes. Conservamos cinco prantos en galego-portugués, catro dos cales son de Pero da Ponte. O máis notable é o dedicado a Fernando III o Santo. Procede do “planctus” latino.

Lais: é unha adaptación en verso dos textos que circulaban en prosa sobre as narracións artúricas.

A cantiga de seguir: consiste en imitar outro poema xa existente. Podíase imitar só a música, a música e a rima, ou tamén o refrán. Só conservamos tres exemplos de cantiga de seguir (porque así o establece o encabezamento da cantiga), pero descoñecemos o modelo que imitan.

O descordo: cantiga de orixe provenzal que se caracteriza por ter un esquema métrico e estrófico diferente en cada cobra. Conservamos dous.